



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Educación e linguas en Galicia | Código | 652603003 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 1.5 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano | Correo electrónico | carlos.vizcaino@udc.es | |
| Profesorado | Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano | Correo electrónico | carlos.vizcaino@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia ten como obxectivo central a reflexión sobre a relevancia da diversidade lingüística e o papel que o sistema educativo xoga no seu mantemento, coñecer a realidade sociolingüística galega e analizar o papel dos centros de ensino como axentes de planificación lingüística. Por tanto, a través do seu estudo, esta materia pretende incorporar a cultura da planificación e da intervención como factores esenciais da educación. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-----------------------------|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Saber deseñar mecanismos de recoñecemento no grupo escolar de preconceitos que conduzan á discriminación (nomeadamente a lingüística) e actuacións para a súa erradicación. | AP1 AP8 AP13 | | |
| Avaliar criticamente e en grupo as debilidades e as fortalezas dun proxecto lingüístico de centro de ensino real. | AP9 AP10 AP13 AP26 | | CM4 |
| Participar con argumentos sólidos e as claves da redacción académica en discusións dirixidas sobre a situación sociolingüística galega, os modelos de educación plurilingüe e o papel dos centros de ensino na planificación lingüística. | AP13 | | CM1 |
| A través das lecturas recomendadas, comprender a situación sociolingüística galega e coñecer a lexislación vigorante referida ao ensino das linguas en Galicia, mantendo un espírito crítico e comprometido cos valores de xustiza e equidade, asumindo a necesidade de actualización profesional ao longo da vida. | AP6 AP13 AP14 | | CM4 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| Unidade e diversidade lingüística. Modelos de educación bilingüe ou plurilingüe | Que son as linguas? Canto coñecemos sobre a diversidade lingüística? Para que serve a educación? Como apostamos polo plurilingüismo? |
| A situación sociolingüística da lingua galega | Coñecemento e uso da lingua galega Actitudes e preconceitos sobre as linguas. O caso galego Ameazas e fortalezas da lingua galega |



| | |
|---|---|
| As linguas no sistema educativo galego | A lexislación lingüística no sistema educativo A competencia lingüística A formación lingüística Referentes e compromisos |
| O papel dos centros educativos na planificación lingüística | A intervención sociolingüística no ensino. Obxectivos e niveis de actuación O proxecto lingüístico de centro Os equipos de normalización e dinamización lingüística |

| Planificación | | | | |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Foro virtual | A10 A13 A14 C1 C4 | 0.5 | 4 | 4.5 |
| Proba mixta | A13 C1 | 0 | 4 | 4 |
| Lecturas | A1 A6 A8 A13 | 1 | 13.5 | 14.5 |
| Sesión maxistral | A13 | 3.5 | 0 | 3.5 |
| Estudo de casos | A9 A13 A26 | 10 | 0 | 10 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Foro virtual | Existirá un caderno dixital para comentaren os/as estudantes as sesións e debater sobre as lecturas e os temas principais que se abordaren na aula. |
| Proba mixta | Existirá unha proba obxectiva final, con contidos fundamentalmente prácticos, que o alumnado deberá superar con, cando menos, un catro para lle facer media co resto das cualificacións obtidas durante o curso. |
| Lecturas | O alumnado deberá demostrar a comprensión das lecturas obrigatorias a través da súa participación no caderno dixital. |
| Sesión maxistral | Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado alcanzar as competencias e destrezas previstas na materia. |
| Estudo de casos | Na aula estudaranse diversos supostos prácticos para responder á heteroxeneidade de centros e de situacións sociolingüística. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Foro virtual | O docente fará un seguimento semanal do caderno dixital e dará pautas de comprensión das dúbidas que ficaren, así como ofrecerá outras lecturas alternativas. Por outra parte, todas as persoas discentes recibirán recomendacións sobre o seu seguimento das aulas e da materia mentres esta se desenvolver. |

| Avaliación | | | |
|-----------------|---------------------------|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Lecturas | A1 A6 A8 A13 | Elaboración de informes e participación nas discusións dirixidas con argumentos apoiados nas lecturas. | 10 |
| Estudo de casos | A9 A13 A26 | Elaboración de supostos prácticos, individual e grupalmente. | 30 |
| Proba mixta | A13 C1 | Realización dunha proba final | 30 |
| Foro virtual | A10 A13 A14 C1 C4 | Participación no caderno dixital | 30 |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
|-------------------------|



Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma moodle. O estudantado a tempo parcial e con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente cos profesores. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico. Para superar a materia, será condición indispensable ter realizado os estudos de casos e obter unha cualificación mínima de 4 valores sobre 10 na proba obxectiva. As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar en xullo, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Educación, os traballos que foren solicitados e superar tamén aquelas actividades que non tiveren superadas. Será considerado Non Presentado aquel/a estudante que non realizar os estudos de casos e/ou a proba obxectiva.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Villares Naveira, L. (2010). Estudos xurídicos do Decreto de plurilingüismo. Ames: Laidvento
- Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo: Galaxia
- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia
- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). A planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia
- Xunta de Galicia (2005). Plan xeral de normalización da lingua galega . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia
- Skutnabb-Kangas, T. (2011). "Resultados de crecemento e a homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos máis válidos?" en Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC
- Xunta de Galicia (2007). Planificación lingüística nos centros de ensino 2007. Compostela: Xunta de Galicia
- Subiela e Fente (2012). "Reflexións relativas á elaboración participativa dun marco de planificación lingüística dos centros de ensino", en A letra miúda nº 1. Compostela: GENDL
- Iglesias Álvarez (2012). "Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos", A letra miúda nº 1 (2012).. Compostela: GENDL
- Asorey Vidal (). "O ensino en territorios con conflito lingüístico", Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo, 897-904.



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- Silva Valdivia, B. (2008). Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro . Vigo: Galaxia- Moreno Cabrera, J. C. (2006). De Babel a Pentecostés. Manifesto plurilingüista. Barcelona: Horsoni- Díaz García et ali (2009). Diversidade lingüística e cultural no ensino de linguas . Santa Comba: tresCtres- Silva Valdivia, B. (2010). Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán. Santiago: Universidade- Freixeiro Mato, X. R. (2002 [1997]). Lingua galega: normalidade e conflito. Ames: Laivento- Monteagudo, H. /Bouzada, X. (2002). O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000). Vol. II. Educación . Compostela: Consello da Cultura Galega- Skutnabb-Kangas, T. (2000). Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights?. New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates- Moure, T. (2010). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética . A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña- Calvet, L.J. (1995). A guerra das linguas e as políticas lingüísticas. Compostela: Laivento- García Plata, Ignasi (). &quot;A planificación lingüística nos centros de ensino. A experiencia de Catalunya&quot;, A letra miúda nº 2, Revista de sociolingüística da CGENDL . Compostela: GENDL- Ponencia de lingua do Consello da Cultura Galega (1999). Dereitos lingüísticos. Compostela: Consello da Cultura Galega- Sanmartin Rei, G. (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC- Subiela, X. (2009). &quot;Democracia e política lingüística en Galiza&quot;, en Monteagudo (coord.) Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade. Compostela: Consello da Cultura Galega- García Negro, Mª do Pilar (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Pontevedra: Cumio |
|------------------------------------|--|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías